



Acordo de renovación do Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e COGAMI Reciclado de Galicia S.L.

Reunidos o Parlamento de Galicia e COGAMI Reciclado de Galicia S.L, con data de 6 de novembro de 2012, acordaron formalizar un convenio de colaboración para desenvolver un Sistema de Xestión Integral dos Residuos no Parlamento de Galicia, na procura de impulsar unha maior responsabilidade na apostas polas Tres R: Reducir, Reutilizar,e Reciclar, que favoreza exemplos para un consumo sostible dos recursos naturais, e un adecuado uso e tratamento dos residuos.

As condicións polas que se rexe dita colaboración figuran recollidas nas cláusulas de dito convenio, e que se acompañan coma anexo a este documento.

Na cláusula quinta, relativa á duración, establecése que unha vez esgotada a súa vixencia en novembro de 2014, ámbalas partes poderán mediante acordo renovar expresamente este convenio por períodos anuais.

Revisado o contido do convenio non se aprecia por ámbalas partes a súa necesidade de modificación, manténdose as condicións acordadas con anterioridade e co propósito de que continúen vixentes por un ano máis.

Polo tanto, conforme ao disposto na cláusula quinta, as partes que asinan este documento acordan continuar por un ano máis co dito convenio de Colaboración.

E en proba de conformidade, asínase a presente renovación do convenio por triplicado no Parlamento de Galicia, a 5 de novembro de 2014.

A Presidenta do Parlamento de
Galicia


Asdo.: Pilar Rojo Noguera

Cogami Reciclado de Galicia S.L


Asdo.: Ramón Domingo García Fianjo